

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Contratos administrativos***LICITACIÓN 5279-106 PARA A INSTALACIÓN DUN BELÉN MONUMENTAL***CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DA INSTALACIÓN DUN BELÉN MONUMENTAL DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL 2018-2019**

1. **Entidade que adxudica:** organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Concellería de Comercio. Nº expediente: 5.279-106.
2. **Obxecto do contrato:** o subministro, instalación, vixilancia e mantemento dun Belén Monumental e unha exposición fotográfica, na Campaña do Nadal 2018-2019, así como o control de accesos á exposición ubicada no edificio municipal da Casa das Artes en Vigo. Lugar de execución: Concello de Vigo. Prazo de execución: dende o día 25 de novembro do 2018 ata o 12 de xaneiro do 2019. Prórroga: 1, dun ano de duración.
3. **Tramitación e procedemento:** Tramitación: Ordinaria. Procedemento: Aberto.
4. **Presuposto base:** 56.000,00 euros. IVE a soportar pola Administración: 11.760,00 euros. Orzamento total: 67.760,00 euros.
5. **Garantías esixidas:** a) Provisional: non se esixe. b) Definitiva: si (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c) Complementaria: non se esixe.
6. **Obtención da documentación e información:** www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148 Fax: (986) 226206. Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.
7. **Requisitos específicos do contratista:** a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.



Xoves, 8 de marzo de 2018

Núm. 48

8. **Presentación de Ofertas:** Prazo: o prazo rematará ós 15 días seguintes ó da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG. Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas. Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei n 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo. Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.
9. **Apertura Ofertas técnica económica:** entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio. Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.
10. **Páxina web para obtención de información:** www.vigo.org

Vigo, a 5 de marzo de 2018.

O Concelleiro delegado de Contratación

P. D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación: FQL8VUXA6RQA0I5Q

